



RESOLUCIÓN

ASUNTO: AMPLIACIÓN DO HORARIO DE FINALIZACIÓN DOS ESPECTÁCULOS PUBLICOS E DAS ACTIVIDADES RECREATIVAS CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DA FESTA/VERBENA POPULAR FESTA DE SAN CRISTOVO DE CODESOS, DA PARROQUIA DA PEREIRIÑA

EXPEDIENTE DECRETO: 2023/G003/000657

ANTECEDENTES:

EXPT. Nº 2023/U029/000039

A Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, establece no artigo 4.c) que lle corresponde á consellería competente en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas determinar o horario xeral de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas. Así mesmo, dispón no artigo 5.f) que lles corresponde aos concellos autorizar as ampliacións ou reducións sobre o horario xeral, atendendo aos criterios, os supostos e as circunstancias que, de ser o caso, figuren na orde de horarios prevista no artigo 17 da Lei.

A Orde da Vicepresidencia primeira Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo do 23 de outubro de 2020, pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, dispón no seu artigo 9.1 que os concellos poderán ampliar para todo o seu termo municipal ou para zonas concretas deste os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, así como de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, durante a celebración das festas e verbenas populares, do Entroido, da Semana Santa e do Nadal, facendo compatible, en todo caso, o seu desenvolvemento coa aplicación das normas vixentes en materia de contaminación acústica.

Por Resolución da alcaldía nº 1150/2022, de data 16/12/2022, fixouse o número máximo de días naturais durante o presente ano 2023 nos que poderán ampliarse os ditos horarios neste termo municipal, conforme co disposto no artigo 9.2 da devandita Orde. Na citada Resolución indícase que as datas concretas de ampliación dos horarios determinarase mediante resolución da alcaldía, de oficio ou a petición de parte interesada.

No artigo 9.4 da Orde do 23 de outubro de 2020 sinálase que as ampliacións de horario non poderán superar, en ningún caso, en 2 horas os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

Visto o escrito presentado o día 03/07/2023 (registro entrada nº 20230000001729) por Juan Ramón Hermida Fandiño, en calidade de veciño organizador da festa/verbena popular denominada Festa de San Cristovo de Codesos, que se vai celebrar no Lg. Codesos, da parroquia da Pereiriña, deste termo municipal, os días 10 e 11 de xullo de 2023, e no que solicita a ampliación do horario de remate da verbena nocturna o día 10 de xullo de 2023, ata as 6.00 horas do día 11 de xullo.

Considerando a vontade deste Concello en apoiar a actividade das verbenas como celebracións festivas tradicionais de Galicia así como o interese en favorecer o movemento asociativo municipal, que fai posible a celebración destes eventos, o cal se debe compatibilizar coa aplicación das normas en materia de contaminación acústica ou outras disposicións legais e, así mesmo, cos dereitos de terceiras persoas e co óptimo funcionamento dos servizos públicos.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**



Exp. 2023/G003/000657

1º. **Autorizar a ampliación en 2 horas** sobre o horario xeral disposto nos artigos 5 e 7 da Orde do 23 de outubro de 2020, da **finalización da festa/verbena popular denominada Festa de San Cristovo de Codosos**, que se vai celebrar no Lg. Codosos, da parroquia da Pereiriña, deste termo municipal, **na noite do luns, 10 de xullo ao martes, 11 de xullo**, co cal, o horario máximo de finalización da verbena o día sinalado será ás **06.00 horas**.

2º. Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia.

Notificarlle a presente resolución aos interesados, con indicación expresa dos recursos a interpor, e darlle conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que realice.

En CEE, na data da sinatura electrónica.

A alcaldesa, *Margarita Lamela Louzán*

A secretaria, *Rocío Hermida Cancela*

[Documento asinado electrónicamente]